

Luns 16 de marzo

Tal como vos dixen antes de que se suspenderan as clases, a nosa vía principal de comunicación vai ser a **aula virtual**. Alí ireivos colgando **material** para que revisedes; as **instrucións** para facelo estarán no foro de novas. Nun momento dado tamén podo comentar outros **asuntos de interese**, así que estade atento@s! Se tedes calquera dúbida ou inquedanza, usade a aula virtual para poñervos en contacto comigo: a través dese mesmo **foro** de forma pública (lembra de poñer un título que resuma o contido da mensaxe, e que debemos ser respectuos@s nos comentarios) ou por **mensaxe privada**. Sentidiño e calma. Apertas, Laura.